

Lectura e comprensión. Formación de lectores competentes

GUÍA DO CURSO
30h.

1. Descrición do curso.....	3
2. Persoas titoras	3
3. Obxectivos.....	3
4. Competencias profesionais do profesorado.....	4
5. Contidos.....	4
5.1. Módulo 1: O proceso Lector	4
5.2. Modulo 2: A lectura	4
5.3. Módulo 3: Análise de textos de diferentes tipos, xéneros e soportes	5
6. Correlación das competencias básicas cos contidos do curso	6
7. Metodoloxía	6
8. Seguimento e desenvolvemento do curso	7
9. Comunicación coas persoas titoras.....	11
10. Avaliación.....	11
11. Aplicación práctica nas aulas.....	12
12. Requirimentos para seguir o curso	12

1. Descrición do curso

Con este curso, "Lectura e comprensión. Formación de lectores competentes", de 30h. de duración, pretendemos achegarlle ao profesorado materiais, ferramentas prácticas e propostas para o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística do alumnado.

Desexamos favorecer a comunicación on line entre o profesorado, a reflexión conxunta, a posta en práctica na aula de estratexias favorecedoras da aprendizaxe autónoma, a posta en común que facilita o desenvolvemento do pensamento do alumnado e do seu espírito crítico.

Pretendemos así mesmo analizar e avaliar as estratexias para a comprensión contextualizada e correcta de todo tipo de lecturas en calquera soporte.

2. Persoas titoras



3. Obxectivos

1. Reflexionar sobre os procesos mentais no decurso da lectura.
2. Buscar destrezas para mellorar a comprensión lectora en todas as áreas.
3. Analizar dificultades segundo o soporte, o xénero e o tipo de texto, salientando a importancia dos coñecementos previos para a comprensión do texto.

4. Competencias profesionais do profesorado

As competencias profesionais do profesorado que pretendemos abordar son :

- Promover novas aprendizaxes
- Promover novas formas de traballar na clase.
- Integrar as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Reflexionar sobre as estratexias e o proceso mental da comprensión lectora.
- Mellorar a comprensión lectora do alumnado.

Desde a perspectiva de mellorar profesionalmente e tratar de desenvolver as competencias profesionais do profesorado, coa utilización de estratexias que acheguen ao alumnado a unha aprendizaxe próxima ao medio e útil para a súa vida na sociedade, estamos desenvolvendo as competencias profesionais que aquí se propoñen.

5. Contidos

Os contidos do curso están divididos en **tres** grandes módulos que se detallan a continuación:

5.1. Módulo 1: O proceso Lector

Neste módulo, estruturado en dous grandes apartados, abórdase o proceso mental que se segue cando se traballa a comprensión lectora.

1.1 Implicacións mentais.

Preséntase un texto resumo coas principais aportacións teóricas e investigacións realizadas no proceso da lectura. Intentamos que se visualicen a modo de gráfico os distintos procesos de pensamento e estratexias metacognitivas que se dan no proceso lector. Tratamos de que se reflexione sobre a importancia da lectura e o procesamento da información que captamos a través do texto escrito, imaxes, símbolos.

1.2. Estratexias de comprensión lectora

Abordamos, a través de distintas propostas e investigacións de autores pioneiros no campo da comprensión lectora, as estratexias para mellorar a comprensión. Como se poden ensinar? Distintas fases nas estratexias de comprensión lectora. Reflexións de diversos autores sobre o proceso de desenvolvemento das estratexias de comprensión lectora. Ofertamos propostas prácticas concretas para traballar as estratexias. Propoñemos tarefas para desenvolver en base ás propostas que se achegan. Hai diversas tarefas e haberá que elixir unha das opcións como tarefa obrigatoria.

5.2. Modulo 2: A lectura

2.1. Ler, ¿para que?: Como ler segundo a finalidade proposta.

Partindo da idea de que non lemos igual en todas as situacións da vida cotiá, analizamos máis polo miúdo como debemos ler en función das necesidades ou dos obxectivos que esperamos acadar. Ofrecemos varias propostas didácticas para

favorecer na aula a lectura eficaz atendendo a finalidades concretas e propoñemos unha tarefa de realización obrigatoria: a elaboración dunha caza do tesouro. Esta ferramenta servirá para que o noso alumnado poña en práctica distintas estratexias lectoras para responder ás cuestións propostas.

2.2. Diferentes lecturas: guiada, expresiva, silenciosa.

Detémonos a analizar tres formas de ler que supoñen enfoques diferentes do que esperamos acadar coa lectura: a lectura expresiva ou dramatizada, en voz alta, que esixe poñer a énfase en determinados aspectos suprasegmentais da linguaxe, como son o ton ou o ritmo; a lectura guiada, que require da elaboración de propostas previas para acompañar ao texto antes, durante e despois do proceso de ler; e, por último, a lectura silenciosa, que tamén posúe unha serie de características propias. Ofrecemos propostas didácticas para traballar na aula os tres tipos aquí analizados. Como tarefa para este módulo propoñemos a elaboración dunha actividade para a aula similar a algunha das propostas.

5.3. Módulo 3: Análise de textos de diferentes tipos, xéneros e soportes

3.1. Tipoloxía textual

Clasificar os distintos tipos de texto sérvenos para organizar o material de lectura e ten unha utilidade fundamentalmente práctica de cara ás programacións didácticas, pero tamén serve para comprender mellor un texto, unha vez que coñecemos as convencións propias do mesmo. Baseándonos na clasificación ofrecida polo Marco Teórico de PISA facemos un breve resumo das clases de textos atendendo ao soporte, formato, etc. Neste epígrafe ofrécese a posibilidade de realizar unha tarefa de carácter voluntario.

3.2. O xénero textual

Este epígrafe céntrase en ofrecer múltiples exemplos de actividades -moitas delas adaptables aos diferentes niveis educativos- destinadas a traballar na aula a análise de textos que sirvan como modelo para identificar neles as características propias ou específicas de cada xénero. Tamén se inclúen unha serie de experiencias nas que se xoga ao trasvasamento de xéneros con diferentes textos e soportes. Haberá que realizar unha tarefa obrigatoria relacionada cos contidos expostos.

3.3. Lectura dixital

Partindo da definición de hipertexto e das características da lectura nun entorno dixital (multimodal, multitarea) faremos a reflexión de que xa temos feito lectura dixital ao longo do curso, tanto nas tarefas voluntarias (algunhas delas tiñan como obxectivo debater sobre temas actuais que están abertos a distintas posturas: Cal é o futuro do libro nun entorno dixital? Como se debe ler cunha conectividade permanente?...) como nas ferramentas propostas. Analizarase e utilizarase unha das ferramentas que está a redefinir o concepto de lectura no entorno dixital, chamado WEB 2.0: o Twitter.

6. Correlación das competencias básicas cos contidos do curso

Recollemos unhas citas dos currículos de educación primaria e do currículo de ESO, pois cremos que nas mesmas se precisa claramente a relación dos contidos deste curso co que o currículo demanda.

“Ler e escribir son accións que supoñen e reforzan as habilidades que permiten buscar, recompilar e procesar información, e ser competente á hora de comprender, compoñer e utilizar distintos tipos de textos con intencións comunicativas ou creativas diversas. A lectura facilita a interpretación e comprensión do código que permite facer uso da lingua escrita e é, ademais, fonte de pracer, de descubrimento doutros contornos, idiomas e culturas, de fantasía e de saber, todo o cal contribúe, pola súa vez, a conservar e mellorar a competencia comunicativa.” (Currículo de E.P. páx.28)

“A lectura constitúe un factor primordial para o desenvolvemento das competencias básicas. Os centros docentes garantirán na práctica docente de todas as materias un tempo dedicado á lectura en todos os cursos da etapa, de acordo co proxecto lector do centro, ao constituír a lectura un factor esencial para o desenvolvemento das competencias básicas”. (Currículo de E.S.O, Art.5)

Competencias básicas que se traballarán co alumnado:

- Competencia en Comunicación Lingüística.
- Competencia de aprender a aprender.
- Tratamento da información e competencia dixital.

Con esta actividade preténdese que o profesorado achegue a súa metodoloxía de traballo ao desenvolvemento das distintas competencias no alumnado. Coas actividades e tarefas que se pretenderá levar a cabo na aula estarase promovendo unha mellor comprensión dos textos en función da finalidade dos mesmos. Apoiarase ao alumnado dándolle seguridade na mellora da competencia de aprender a aprender, á súa vez coa utilización de textos en formatos diversos, mesmo textos dixitais, busca, investigación, tratamento e comprensión dos mesmos, e incidiremos no desenvolvemento da competencia dixital.

7. Metodoloxía

Este curso constará de tres módulos. En cada un deles achegaranse documentos, bibliografía e ligazóns con información; abrírase un foro para o intercambio de información e opinións e a resolución de dúbidas; presentaranse tarefas prácticas sinxelas nas que o participante demostre o progresivo dominio dos aspectos traballados, resolverase algún cuestionario, incluído o de autoavaliación, presentaranse ferramentas de traballo dixital e animarase a utilizalas.

Para facilitar a realización das tarefas propostas damos previamente modelos variados, exemplificacións, como suxestións que permiten ao profesorado que está a realizar este curso escoller a opción máis axeitada á súa situación profesional e así podela facer totalmente práctica co alumnado co que está a traballar.

Nalgunhas tarefas dámoslle ao profesorado a posibilidade de optar por unha modalidade ou outra en función das súas preferencias e situación real.

Unha das tarefas que propoñemos como xeral está aberta do comezo ao final desta actividade formativa e trátase de que cada participante poida comentar, recomendar, compartir con todos os membros algún aspecto relacionado coa temática do curso que considere de especial interese indicando o porqué. Pode ser unha película, libro, páxina web, material, lectura, algo que lle resultase de gran utilidade na súa práctica de aula... O foro será o lugar no que se fará esta achega. Esta será unha tarefa obrigatoria.

8. Seguimento e desenvolvemento do curso

Pretendemos ao longo do desenvolvemento deste curso establecer unha comunicación fluída ben sexa dos titores cos participantes como entre os propios participantes na actividade; de feito, propóñense como tarefas a posta en común, valoracións, comentarios e achegas varias no foro. Deste xeito, estaremos todos creando coñecemento compartido e enriquecéndonos mutuamente; en definitiva, poñendo en práctica a aprendizaxe en grupo.

Nós, como titores, estaremos en todo momento dispostos a tratar de solucionar os atrancos que se poidan producir, facilitando o avance nos contidos que se están a desenvolver e trataremos de facilitar a resolución das diferentes cuestións que puideran xurdir. O que pretendemos é que sexan de utilidade para o profesorado interesado nesta actividade as nosas propostas e as aportacións deste gran grupo.

CADRO DE TEMPORALIZACIÓN DO CURSO

Presentación e Módulo 0 (3h.)		
Nº	Actividade	Datas
1	Presentación e saúdo no foro. Darse a coñecer ao resto dos participantes na actividade e saudar ao titor ou titora.	Do 18/02/2013 ao 25/02/2013
2	Familiarización coa plataforma Moodle.	
3	Lectura da guía do curso. Titorial.	
4	Seguimento do foro. Dúbdas.	
5	Lectura do texto inicial de Pennac.	
6	Visionado do vídeo de Cassany e realización da tarefa voluntaria, se a quixeses facer, de comentar no foro as túas impresións sobre este vídeo.	
7	Desde este momento podes iniciar a tarefa obrigatoria xeral , aínda que tes ata o 10 de maio para enviala.	Do 18/02/2013 ao 10/05/2013

Modulo 1: O proceso lector (7h.)		
Nº	Actividade	Datas
8	O proceso lector. Realización do cuestionario previo. Tarefa obrigatoria.	Do 25/02/2013 ao 18/03/2013
9	Lectura do texto: proceso lector.	
10	Realizar a tarefa 1.1 obrigatoria. Aquí dámosche tamén a opción de realizar de forma opcional unha tarefa voluntaria.	Do 25/02/2013 ao 18/03/2013
11	Lectura do texto: estratexias de comprensión lectora. Recomendamos consultar o enlace que se achega, de Felipe Zayas.	
12	Lectura da reseña do libro de Casaseca.	
13	Lectura dos exemplos prácticos con textos e actividades de comprensión dos mesmos, elaboradas por Casaseca. pdfs: Alonso, Janosch.	
14	Consulta do texto "Ler é comprender" baseado nun artigo de Víctor Moreno. Recomendase a consulta do enlace web do propio autor, que se ofrece.	
15	Tarefa 1.2., obrigatoria a realización dalgunha das opcións que se presentan nesta tarefa. Presentámosche un arquivo no que se estrutura un guión cos puntos a seguir para o desenvolvemento da tarefa.	Data final de entrega 18/03/2013
16	Recoméndase a lectura dos arquivos que se presentan entre os distintos módulos. Opcional.	

	Tarefas participativas	
	Debates no foro	
	Titoriais	
	Ferramentas TIC para os novos procesos de lectoescritura	

Modulo 2: A lectura (10h.)

Nº	Actividade	Datas
	2.1: Ler, ¿para que?: Como ler segundo a finalidade proposta	Do 11/03/2013 ao 22/04/2013
17	Lectura do bloque teórico.	
18	Consulta da caza do tesouro presentada así como do documento que a acompaña.	
19	Lectura dos modelos de actividades propostas: Tarde de cine e Instrucións para seguir instrucións.	
20	Realizar a tarefa obrigatoria : elaborar unha caza do tesouro adaptada ao nivel que impartes. Achéganse enlaces que poden servir de axuda.	Data final de entrega 22/04/2013
	2.2: Diferentes lecturas: guiada, expresiva, silenciosa	Do 11/03/2013 ao 22/04/2013
21	Lectura dos diferentes bloques teóricos, presentados a través dun Glogster no que deberás entrar picando en cada apartado: lectura guiada, lectura expresiva e lectura silenciosa.	
22	No bloque de lectura guiada presentámosche como modelo de actividade a elaboración dun diario de lectura e achegamos algúns exemplos reais, así como un documento no que se especifica a secuenciación desta tarefa.	
23	No bloque de lectura expresiva presentamos tamén un modelo de actividade xunto con exemplos dos resultados da mesma e documentos anexos coa secuenciación e o material empregado.	
24	No bloque de lectura silenciosa achégase un exemplo de actividade proposta por T. Colomer e Camps.	
25	A tarefa proposta é de realización obrigatoria , pero pódese escoller entre dúas opcións a que mellor se adapte ás túas preferencias ou necesidades.	Data final de entrega 22/04/2013

Módulo 3: Análise de textos de diferentes tipos, xéneros e soportes (10h.)

Nº	Actividade	Datas
	3.1: Tipoloxía textual	Do 15/04/2013 ao 10/05/2013
26	Lectura do bloque teórico, baseado na clasificación dos tipos de texto segundo o establecido polo Marco Teórico de PISA.	
27	Visionado dun Glogster no que se presentan múltiples tipos de texto. Para acceder ao Glogster tes que picar na imaxe que aparece ao final do propio bloque teórico e despois ir picando en cada texto (veñen todos numerados) para poder entrar nel e lelo/oílo/visionalo.	
28	Propoñémosche unha tarefa voluntaria consistente en clasificar os textos que aparecen no Glogster segundo as tipoloxías esbozadas no bloque teórico.	Data final de entrega 10/05/2013
	3.2: O xénero textual	
29	Lectura do bloque teórico, consistente nunha serie de modelos de actividades clasificadas en distintos apartados e destinadas a poñer en práctica estratexias para traballar sobre os xéneros textuais.	
30	Realización dunha tarefa obrigatoria : preparación dunha actividade que cumpra os mesmos obxectivos que as presentadas na parte teórica deste epígrafe. A actividade deberá ir presentada nun documento de texto e terá que incluír obxectivos, contidos, materiais, competencias básicas que traballa, temporalización e secuenciación.	Data final de entrega 10/05/2013
	3.3: Lectura dixital	
31	Lectura: Introducción: a lectura dixital.	
32	Lectura: Hipertexto.	
33	 Tarefa voluntaria : Usar a páxina WIKIMINDMAP, facer unha captura de pantalla e subila na tarefa.	Data final de entrega 10/05/2013
34	Lectura: como ler segundo o formato. Biblioteca dixital.	
35	 Tarefa voluntaria : utilizar a páxina 24 SYMBOLS e comentala no foro.	Data final de entrega 10/05/2013
36	Lectura: O exemplo paradigmático.	

37	Tarefas obrigatorias: Rexistrarse no twitter e utilízalo para crear un texto dalgún tipo dos estudados: narrativo, expositivo... Facer unha captura de pantalla e subila na tarefa.	Data final de entrega 10/05/2013
----	-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------------------------

9. Comunicación coas persoas titoras

Cada vez que comeza un curso de formación a través de PLATEGA, unha das primeiras cousas que debes facer é presentarte á comunidade de aprendizaxe. Para iso atoparás en todos os cursos no primeiro módulo un Foro de presentación de participantes.

Esta primeira  [Foro de presentación de participantes](#) mensaxe servirá de presentación tanto co resto da comunidade de aprendizaxe, coma cos titores e titoras do curso.

Existen varias opcións de comunicación co titor ou titora:

- A través dos foros existentes en cada curso, por exemplo, o foro do módulo ou foro de avisos e anuncios. A comunicación que se realiza nos foros é pública, é dicir, calquera participante no curso poderá ler as túas intervencións no foro ou *posts*.
- A través do sistema de mensaxería interna da plataforma, tamén coñecido como Chat. As mensaxes enviadas por este medio son privadas entre ti e o teu comunicante, xa sexa o titor ou calquera outro participante.

10. Avaliación

Polo que respecta á avaliación deste curso, é preciso realizar cada tarefa no prazo establecido para a mesma, xa que a partir da data de finalización a plataforma xa non permite volver a esa tarefa. É por iso que convén respectar escrupulosamente os prazos sinalados. Soamente naqueles casos de forza maior serían posibles as excepcións, previa comunicación co titor ou titora e xustificación da problemática xurdida.

Despois da realización de cada tarefa, o titor enviará ao participante a información acerca da superación da mesma ou da necesidade de reformulala se fose preciso.

Tal como sinalamos noutros apartados da guía, ademais da tarefa xeral, que estará aberta ao longo da duración desta actividade formativa e que é de carácter obrigatorio, en cada módulo do curso hai diversas actividades entre as que se lle dá a cada participante a posibilidade de optar por aquelas que lles resulten máis prácticas en función da súa realidade profesional.

As tarefas que se propoñen para a súa realización podémolas clasificar do seguinte xeito:

- **Tarefas obrigatorias:** É necesario desenvolverlas para superar o curso. Hai cando menos unha en cada apartado dun módulo.
- **Tarefas voluntarias:** Haberá que facer cando menos 2 ao longo do curso.

As tarefas propostas para a súa realización serán revisadas polos respectivos titores e todo o profesorado que está a realizar o curso recibirá información sobre as mesmas. No caso dos cuestionarios indicárase o número de acertos, podendo comprobar os resultados. Noutras tarefas a valoración será: **excelente, superada, revisar tarefa**, neste último caso a persoa titora indicará os aspectos a revisar así como o prazo para a superación da mesma.

Aínda que as tarefas obrigatorias, que é necesario realizar para a superación desta actividade formativa, están indicadas no apartado desta guía, "Seguimento e desenvolvemento do curso", recapitulamos a continuación o número de orde das citadas tarefas obrigatorias:

7. Tarefa xeral. Para realizar ao longo da duración desta actividade formativa.
8. Cuestionario previo.
10. Tarefa 1.1: a parte obrigatoria.
15. Tarefa 1.2: algunha das opcións que se ofertan.
20. Tarefa 2.1: elaborar unha caza do tesouro.
25. Tarefa 2.2: escoller entre dúas opcións.
30. Tarefa 3.2: preparación dunha actividade.
37. Tarefa 3.3: twitter.

11. Aplicación práctica nas aulas

Tal como fomos indicando nos apartados anteriores, a maioría das tarefas que se propoñen son de aplicación directa co alumnado. Ademais pareceunos de interese facer a proposta de poder compartir no foro os resultados da aplicación por grupos de profesores que imparten clases en niveis ou etapas similares. Deste xeito podémonos enriquecer todos e todas, coa metodoloxía aplicada en cada caso, coa experiencia compartida, cos recursos utilizados, e á súa vez estamos a compartir un valioso banco de materiais achegados por todos e cada un de nós que resultará de grande utilidade.

Así mesmo, as ferramentas e recursos online propostas ao longo do curso son de interese para a realización de traballos co alumnado nun entorno dixital.

12. Requisitos para seguir o curso

Para poder realizar este curso é imprescindible ter un ordenador con conexión a internet, posibilidade de reprodución de son, procesador de textos (OpenOffice, Word). Recoméndase encarecidamente ter actualizado o navegador para evitar na medida do posible problemas de visualización e reprodución dos arquivos multimedia (aínda así, as partes do curso que poidan dar máis problemas informáticos terán unha segunda posibilidade de visualización; por exemplo, descargando un arquivo de texto).

Os titores deste curso recomendamos o uso de formatos estandarizados de traballo, é dicir, no canto de entregar un arquivo en formato .doc ou .docx entregalo en formato PDF, por exemplo.